



RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE MAIO DE 2012 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2012/2013 PARA AS ENSINANZAS DE GRAO, TITULACIÓNS A EXTINGUIR E TITULACIÓNS PROPIAS

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG de 2 de febreiro de 2010), e en aplicación do disposto no Real decreto 69/2000 de 21 de xaneiro (BOE do 22) e no Real decreto 1892/2008 de 14 de novembro (BOE do 24), polo que se regulan os procedementos para o ingreso nos centros universitarios,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria de matrícula para o curso académico 2012/2013 nas ensinanzas de grao, titulacións a extinguir, titulacións propias así como para a homologación dos títulos estranxeiros, suxeita ás seguintes normas:

PRIMEIRA. Tipos de matrícula

1.1. Ordinaria

Dirixida a quen pretenda iniciar ou continuar estudos conducentes á obtención dalgunha das titulacións oficiais relacionadas no anexo IV e anexo V.

1.2. Programas de intercambio

Dirixida a estudantes doutras universidades tanto nacionais como estranxeiras, de conformidade co establecido nos respectivos convenios e nas restantes normas e convocatorias da Universidade de Vigo (ERASMUS, SICUE, ISEP, etc.).

1.3. Visitantes

Dirixida a estudantes doutras universidades nacionais ou estranxeiras que non se acollesen a programas de intercambio, de conformidade co disposto pola oficina de relacións internacionais da Universidade de Vigo.

1.4. Homologación de títulos universitarios estranxeiros

Dirixida a quen desexe homologar títulos universitarios estranxeiros, e recibise do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte unha resolución definitiva na que se especifiquen os requisitos formativos complementarios que precisa superar nunha universidade española.

1.5. Titulacións propias

Dirixida a quen pretenda iniciar ou continuar estudos conducentes á obtención dalgunha das titulacións propias relacionadas no anexo IV.

SEGUNDA. Requisitos de matrícula

2.1. Para titulacións oficiais de ensinanzas de grao

2.1.1. Inicio de estudos mediante o proceso xeral de admisión

Poderá formalizar matrícula, nos prazos establecidos no apartado I do anexo I, quen teña concedida previamente a admisión segundo o procedemento establecido para estas titulacións por ter superadas algunhas das probas ou posuír algún dos títulos recollidos no anexo III.

Unha vez realizada a automatrícula é obrigatorio presentar a documentación acreditativa correspondente no centro de estudos. O prazo para realizar este trámite será o establecido no apartado XIII do anexo I. Pasado dito prazo e unha vez detectada a falta de documentación, o centro de estudos modificará o estado da matrícula pasando de activa a suspendida/arquivada, sen necesidade de reclamar documentación por escrito, sendo suficiente notificación para estes efectos, a información que se especifica no anexo II, sobre a documentación a presentar.

2.1.1.1. Matrícula a tempo completo

A matrícula deberá formalizarse a tempo completo e incluír os 60 ECTS de que consta o primeiro curso das ensinanzas de grao.

2.1.1.2. Matrícula a tempo parcial

Cando concorran circunstancias que impidan realizar os estudos a tempo completo, poderase solicitar simultaneamente á formalización da matrícula, o cambio a tempo parcial sempre que se acrediten situacións especiais.

A comisión do centro, con competencias académicas, resolverá as solicitudes de cambio de matrícula a tempo parcial, tendo en conta criterios como as necesidades educativas especiais, o traballo, as responsabilidades familiares, a nota de acceso, etc., e que na Universidade de Vigo o número de matrículas a tempo parcial no primeiro curso dunha titulación non deberá superar o 15% do número de prazos de novo ingreso ofertadas para esa titulación.

Se a resolución da solicitude de matrícula a tempo parcial é favorable, a persoa interesada deberá proceder, no prazo que se lle indique na resolución, a axustar a súa matrícula aos créditos establecidos para a modalidade de matrícula a tempo parcial, que non será inferior a 24 ECTS nin superior a 48 ECTS. Se o prazo outorgado transcorre sen que se realice o axuste da matrícula, entenderase que se renuncia a realizar estudos a tempo parcial, e a matrícula será considerada a todos os efectos como a tempo completo.

Se a resolución é desfavorable a persoa quedará matriculada a tempo completo ou poderá solicitar anulación total da matrícula no prazo establecido no apartado X do anexo I.

VI.-ACCESO E MATRÍCULA NO SEGUNDO CICLO E NO CURSO DE ADAPTACIÓN AO GRAO:

SEGUNDO CICLO

Primeiro prazo:

- Prazo de presentación de solicitudes: do 1 ao 10 de xullo de 2012
- Publicación de listaxes provisionais: 16 de xullo de 2012
- Prazo de presentación de reclamacións: do 17 ao 19 de xullo de 2012
- Publicación de listaxes definitivas: 31 de xullo de 2012
- Prazo de formalización de matrícula: do 1 ao 24 de agosto de 2012

Segundo prazo (en caso de quedar prazas vacantes):

- Prazo de presentación de solicitudes: do 3 ao 7 de setembro de 2012
- Publicación de listaxes provisionais: 13 de setembro de 2012
- Prazo de reclamacións: do 14 ao 17 de setembro de 2012
- Publicación de listaxes definitivas: 21 de setembro de 2012
- Prazo de formalización de matrícula: do 24 ao 28 de setembro de 2012

Prazo no segundo cuadrimestre (en caso de quedar prazas vacantes):

- Prazo de presentación de solicitudes: do 8 ao 14 de xaneiro de 2013
- Prazo de formalización de matrícula: do 18 ao 30 de xaneiro de 2013 (só matrícula en materias do 2º cuadrimestre).

CURSO DE ADAPTACIÓN AO GRAO (CURSO PONTE)

Primeiro prazo:

- Prazo de presentación de solicitudes: do 15 ao 29 de xuño de 2012
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 6 de xullo de 2012
- Prazo de presentación de reclamacións: do 7 ao 10 de xullo de 2012
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 16 de xullo de 2012
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas: 20 de xullo de 2012
- Prazo de presentación de reclamacións: do 21 ao 24 de xullo de 2012
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas: 31 de xullo de 2012
- Matrícula: do 1 ao 24 de agosto de 2012

Segundo prazo (no caso de haber menos persoas admitidas que prazas ofertadas):

- Prazo de presentación de solicitudes: do 1 ao 10 de agosto de 2012
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 17 de agosto de 2012
- Prazo de presentación de reclamacións: do 18 ao 21 de agosto de 2012
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 31 de agosto de 2012
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas: 5 de setembro de 2012
- Prazo de presentación de reclamacións: do 6 ao 8 de setembro de 2012
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas: 13 de setembro de 2012
- Matrícula: do 14 ao 20 de setembro de 2012

VII.- REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS

- proba de conxunto/proba de aptitude: deberán matricularse alomenos 15 días antes da realización da proba
- período de prácticas: deberán matricularse alomenos 15 días antes do inicio das mesmas
- proxecto ou traballo: deberán matricularse alomenos 15 días antes da presentación do mesmo
- cursos tutelados: deberán matricularse do 1 ao 24 de agosto de 2012

VIII.-CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

A inscrición é coincidente co prazo xeral de matrícula ordinaria.

- De non superar algunha materia na convocatoria de fin de carreira nas datas establecidas no calendario escolar, poderase presentar nas convocatorias de 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre ou xullo de 2013.
- No caso de presentarse aos exames na convocatoria de fin de carreira e ademais no 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre, e non superar algunha materia, quen desexa presentarse na convocatoria de xullo, deberá formalizar matrícula extraordinaria do 3 ao 6 de xuño de 2013.

IX.- AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA POR SUPERAR CRÉDITOS NAS PROBAS DE AVALIACIÓN CELEBRADAS ENTRE OS DÍAS 15 E 19 DE OUTUBRO DE 2012:

- Do 15 ao 30 de novembro de 2012

X.- MODIFICACIÓNS E ANULACIÓN TOTAL DE MATRÍCULA

Ensinanzas de grao e titulacións a extinguir

Modificacións de matrícula:

- Do 17 ao 28 de setembro de 2012 para materias do primeiro e segundo cuadrimestre e anuais
- Do 18 ao 30 de xaneiro de 2013 para materias do segundo cuadrimestre

Anulación total de matrícula (IMPORTANTE: As solicitudes deberanse presentar por calquera dos medios indicados no apartado 5.1 da norma quinta da presente convocatoria):

- Poderase solicitar no prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte ao da formalización da matrícula, e sempre que dita matrícula estea formalizada dentro dos prazos ordinarios establecidos, xa que non se concederá anulación total de matrícula a quen se matricule no período extraordinario segundo indica o apartado 3.3 e a quen se lle autorizase dita matrícula fóra dos prazos establecidos segundo indica o apartado 3.4. da norma terceira da presente convocatoria.

XI.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS

- Do 1 de setembro ao 15 de outubro de 2012 (resolveranse antes do 16 de novembro de 2012)
- Do 1 de febreiro ao 15 de marzo de 2013 (resolveranse antes do 16 de abril de 2013)

XII.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECEMENTOS DE CRÉDITOS

- Durante os meses de xuño e xullo de 2012. Serán resoltas antes do 30 de setembro de 2012
- Ata o 5 de novembro para o alumnado de primeiro por primeira vez que se matricule entre o 4 de setembro e o 26 de outubro e para o alumnado que se matricule por primeira vez nun curso ponte. Serán resoltas antes do 5 de decembro de 2012.

XIII.-ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

- O prazo estará aberto dende o momento da formalización da matrícula ata o 30 de setembro, agás para o alumnado de primeiro por primeira vez convocado pola CIUG para matricularse no mes de outubro, que será ata o 15 de novembro.

- matrícula de honra	10,00 puntos
- sobresaliente	9,00 puntos
- notable	7,50 puntos
- aprobado	5,50 puntos
- adaptado/validado (*)	
- recoñecido (**)	

(*) As materias adaptadas ou validadas de titulacións anteriores en que non se especifique a cualificación obtida tomarán o valor numérico 5,50.

(**) Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos que non teñen cualificación ou que figuren coa mención de apto non se terán en conta para os efectos de cálculo da nota media.

As materias recoñecidas en titulacións de grao en que non se especifique a cualificación numérica por non ter equivalente no novo plan de estudos non se computarán para a suma dos créditos superados.

As materias que figuren no expediente do alumno por transferencia de créditos non se terán en conta para o cálculo da nota media.

As persoas convocadas para matricularse, que non formalicen a matrícula na data correspondente, decaerán do seu dereito.

2.4. Para o curso de adaptación ao grao (curso ponte)

A oferta de prazas específicas para a obtención dun título oficial de grao vai dirixida a aquelas persoas que estean en posesión dunha titulación universitaria oficial de ciclo curto (diplomaturas e enxeñarías técnicas) correspondente ao anterior sistema de ordenación das ensinanzas universitarias.

No apartado II do anexo V establécense as titulacións de grao que ofertan para este curso académico o curso de adaptación ao grao (curso ponte) e, detállanse, a titulación oficial requirida, as prazas ofertadas e o procedemento establecido para cada caso.

Para iniciar estudos no curso de adaptación ao grao con límite de prazas, deberá solicitarse previamente a admisión na titulación á que se pretende acceder, nos prazos que aparecen no apartado VI no anexo I desta convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse na secretaría do centro que corresponda, no rexistro xeral, en calquera dos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, e dirixiranse ao centro ao que pertenza a titulación á que se pretende acceder cumprimentando o impreso que aparece como anexo VII desta convocatoria e que estará a disposición das persoas interesadas na dirección de internet de cada centro e que aparece indicada no apartado II do anexo V.

Quen cursará estudos noutra universidade, deberá presentar, dentro do prazo de solicitude que se indica no apartado VI do anexo I, a documentación indicada no apartado V do anexo II.

Os centros que o consideren oportuno poderán valorar a experiencia laboral e establecer criterios específicos de selección segundo se indica no apartado II do anexo V. Nestes casos tamén haberá que achegar a documentación xustificativa.

Quen non achegue a documentación no prazo indicado, terá un prazo de 5 días, contados a partir do seguinte ao de remate do prazo de solicitudes, para presentar a documentación requirida, sendo suficiente notificación, para estes efectos, a información que figura nesta convocatoria sobre a documentación a presentar.

As persoas que non presenten a documentación no prazo indicado, serán excluídas do proceso de admisión.

Cada centro de estudos constituirá unha comisión de valoración das solicitudes admitidas a trámite que estará integrada como mínimo por un presidente, tres vogais (dous membros do profesorado e un membro do persoal de administración e servizos) e un secretario. Os centros que o consideren oportuno poderán determinar que sexa a súa comisión de recoñecementos e validacións quen asuma este procedemento.

A comisión, no caso de presentarse máis solicitudes que prazas ofertadas, ponderará segundo a nota media do expediente.

A nota media do expediente calcúlase de acordo co establecido no Real decreto 1125/2003 e o protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación e Ordenación universitaria.

Naqueles casos nos que nun expediente non figure, en todas ou nalgúnhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do R.D. 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

- matrícula de honra	10,00 puntos
- sobresaliente	9,00 puntos
- notable	7,50 puntos
- aprobado	5,50 puntos
- adaptado/validado (*)	
- recoñecido (**)	

(*) As materias adaptadas ou validadas de titulacións anteriores en que non se especifique a cualificación obtida tomarán o valor numérico 5,50.

(**) Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos que non teñen cualificación ou que figuren coa mención de apto non se terán en conta para os efectos de cálculo da nota media.

A comisión pode establecer criterios específicos de selección, (experiencia laboral, universidade pola que se obtivo a titulación, coñecemento de idiomas, cursos impartidos ou recibidos, posesión doutros títulos universitarios, etc.). Neste caso ditos criterios estarán indicados no anexo V.

Todas as resolucións que se diten en aplicación deste procedemento deléganse nas decanas ou decanos ou directoras ou directores do centro, facendo constar nas mesmas este carácter. As devanditas resolucións deberán ser motivadas, e nelas indicaranse as causas de exclusión e as reclamacións ou recursos, que no seu caso lle sexan aplicables.

2.5. Para a superación dos requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros:

De acordo co que se estableza na resolución de homologación, as persoas interesadas deberán cumprimentar o modelo de solicitude correspondente ao anexo VIII para a formalización da matrícula, nos prazos establecidos no apartado VII do anexo I, por algunha das seguintes